

MEMORIA XUSTIFICATIVA E ECONOMICA DA S.A. DE XESTION DO PLAN XACOBEO RELATIVA AO CONVENIO DE COLABORACIÓN COA FUNDACIÓN CATEDRAL DE SANTIAGO

PRIMEIRO.-

1.- Constitúe o obxecto da Sociedade, entre outras as seguintes actividades

- As relacións coas asociacións de amigos do Camiño de Santiago.
- A coordinación de actuacións específicas relacionadas coa cultura xacobeas, en especial, as exposicións, así como a execución das encomendas de xestión que se poidan realizar nestas materias.

A S. A. de Xestión do Plan Xacobeo considera esencial e imprescindible o labor das Asociacións de Amigos do Camiño de Santiago e outros colectivos e institucións en orde a potenciar os itinerarios xacobeos, a información aos peregrinos, os programas de voluntariado como hospitaleiros nos albergues, a promoción da cultura xacobeas e todo aquilo que redunde en beneficio do Camiño de Santiago e dos peregrinos.

O Camiño de Santiago reúne unha rica experiencia histórica e a vivencia intercultural contemporánea nun excepcional escenario natural, patrimonial e humano. Ao longo dos séculos o Camiño de Santiago consolidou unha amplísima rede de itinerarios que abrangue toda Europa e España e que ten como meta a Catedral de Santiago de Compostela, en definitiva Galicia.

A Catedral de Santiago de Compostela como custodia da tumba do Apóstolo Santiago e meta da peregrinación é o lugar clave da cultura e da peregrinación xacobeas. A súa conservación e promoción así como do rico patrimonio cultural que atesoura redunda sempre na conservación e promoción do Camiño de Santiago e o fenómeno peregrinatorio.

Que a Fundación Catedral de Santiago ten entre os seus fins:

- *A promoción, fomento e difusión da Catedral de Santiago de Compostela, do seu contorno e do seu patrimonio artístico e cultural*

O labor iniciado no ano 1992 pola S.A. de Xestión do Plan Xacobeo para a difusión das rutas xacobeas converteuse, co paso dos anos, nunha ferramenta imprescindible para fomentar a chegada de peregrinos que, á súa vez, impulsan o desenvolvemento económico e social de Galicia.

A Fundación Catedral de Santiago promove, para a difusión dos valores culturais da propia Catedral e da peregrinación a ela asociada, a exposición “Mestre Mateo no Museo del Prado”.

A exposición, a celebrar en Madrid, na sala de escultura da porta baixa de Goya y en la sala 51, entre os meses de novembro de 2016 e marzo de 2017; será froito da colaboración entre a Fundación Catedral de Santiago e a Real Academia Galega de Belas Artes, contando coa participación do Museo do Prado, que confirmou o seu interese no proxecto, así como a dispoñibilidade e cesión dos espazos mencionados.

Os principais obxectivos que se pretenden coa exposición sobre o Mestre Mateo no Museo do Prado son os seguintes:

- Posta en valor e difusión da figura e obra do Mestre Mateo ante o gran público.
- Reunión temporal extraordinaria das principais pezas realizadas por Mateo que se atopan fóra dos seus lugares de orixe.
- Potenciar a presenza do Mestre Mateo no percorrido do Museo Catedral, onde conta cun Espazo propio de gran importancia que será mellorado nun futuro próximo.
- Recuperación de pezas mateanas que se atopan en grave risco de conservación (David e Salomón da fachada do Obradoiro, presentación pública da nova figura da fachada do Pórtico da Gloria encontrada recentemente).
- Complementariedade e diálogo co proceso e actividades relacionadas coa restauración do Pórtico da Gloria.
- Mellorar a conservación das pezas expostas e realización de novos estudos e investigacións.
- Oportunidade para presenza da arte galega e da Catedral de Santiago, Meta do Camiño, nun dos principais museos do mundo, axudando á valorización e difusión internacional deste patrimonio a través dunha plataforma única e de gran repercusión.

As pezas presentes serán, entre outras, as seguintes:

- Documento concesión pensión vitalicia a Mateo Archivo Catedral de Santiago
- Texto situación da Catedral en 1168.
- Rey David - Catedral de Santiago. Pretil da fachada do Obradoiro
- Rey Salomón - Catedral de Santiago. Pretil da fachada do Obradoiro
- Abraham (Atr.) Colección Franco. A Coruña.
- Isaac (Atr.) Colección Franco. A Coruña
- Enoc, Museo de Pontevedra
- Elías, Museo de Pontevedra
- Figura masculina mutilada. Colección particular.
- Dovelas co castigo da luxuria Museo. Catedral de Santiago
- San Mateo. Museo Catedral de Santiago. Coro pétreo da Catedral
- Cabalos do cortexo dos Reis Magos. Museo Catedral de Santiago Coro pétreo da Catedral
- Poema "Na Catedral" de Rosalía de Castro en Follas Novas.

Por todo o descrito, as referidas actuacións que se desenvolverán dentro do ámbito de vixencia deste Convenio, encaixan no marco das finalidades que ten encomendadas esta Sociedade Anónima, non sendo posible promover a concorrência pública, dada a especificidade do programa.

Ademais este convenio cumpre cos criterios obxectivos de selección sinalados no Plan Estratéxico, en concreto:

a/ criterios xerais

- É un proxecto tecnicamente completo, pois a documentación que se achega xustifica suficientemente a súa formulación.
- O proxecto é viable, tanto en termos de execución económica como social.
- Realízase a difusión e promoción do Camiño de Santiago
- Se contempla a difusión dos resultados acadados ante a opinión pública, contribuíndo deste xeito ao labor de sensibilización ao redor do Camiño de Santiago.
- A Fundación Catedral e Santiago conta cunha ampla experiencia que garante a súa capacidade técnica, organizativa e de xestión para levar a cabo o proxecto a realizar.
- O apoio a esta Fundación redunda de maneira efectiva na conservación, recuperación e difusión do Camiño de Santiago e da cultura xacobeá en todo o territorio Español

b/ criterios específicos:

- Esta Fundación co seu amplo labor e coas súas numerosas actividades contribúe notablemente á difusión da cultura xacobeá e os valores que identifican ao Camiño de Santiago.
- Esta iniciativa de exposición “Mestre Mateo no Museo del Prado” salienta polo seu carácter novidoso e por implicar na súa execución a numerosos sectores sociais.
- Esta actividade posúe unha grande proxección e contribuirá á promoción do Camiño de Santiago tanto no territorio español como no estranxeiro.

O orzamento da actividade a financiar ao abeiro deste convenio é o seguinte:

Concepto	Importe
Gastos de fabricación de cajas y embalajes y transporte de las piezas de Galicia-Madrid	20.749,00 €

A S.A. de Xestión do Plan Xacobeo aboará a cantidade de 18.000 euros coa finalidade de ser atendidos parte dos gastos xerados con cargo aos orzamentos do ano 2016 e na conta

Así mesmo, e como quedou exposto máis arriba, a subscrición deste convenio e a achega que con él se obriga a realizar a S.A. de Xestión do Plan Xacobeo garda relación directa co obxecto da actividade contido nos seus estatutos.

En Santiago a 24 de noviembre de 2016

Rafael Sánchez Bargiela
Director-Xerente